

DA FARINXE AO PÉ: ARTRITE REACTIVA POSTESTREPTOCÓCICA EN ATENCIÓN PRIMARIA

Ferreiro Sanmartín, Irene; Gómez López, Amanda; Morán Valiño, Alejandro. Residentes no centro de saúde CIS-A Milagrosa de Lugo

ANTECEDENTES

Varón de 44 anos.
Hipertensión arterial.
Dislipemia. Prediabetes.
Hiperuricemia, episodio de gota previo.

Recaída da amigdalite

- Tratamento con Amoxicilina/clavulánico, con resolución

Ás 2 semanas...

1 semana despois...

Consulta por **amigdalite estreptocócica**

- Tratamento con Penicilina, con resolución inicial dos síntomas

Consulta por **dor e edema de ambos pés** de 4 días de evolución

EXPLORACIÓN E PROBAS

- Edema en dorso de ambos pés, sobre todo no esquerdo, ata nocello. Dor a palpación de forma xeneralizada, máis en dorso e 1ª articulación metatarso-falánxica.
- Rx de pés: sen alteracións
- Analítica: urato 8.3 mg/dL, velocidade de sedimentación globular 46 mm, proteína C reactiva 4.61 mg/dL.

DIAGNÓSTICO DIFERENCIAL

- Gota
- Artrite reactiva postestreptocócica

Tratamento con antiinflamatorios e prednisona, con melloría.

Valoración por reumatoloxía: análise do líquido sinovial, de carácter inflamatorio e sen cristais, o que confirma diagnóstico de artrite reactiva postestreptocócica.

A artrite reactiva postestreptocócica é unha artrite que aparece tras unha farinxite aguda por *Streptococo* beta hemolítico do grupo A. A maior incidencia dáse en varóns de 20-40 anos, e preséntase como unha oligoartrite aguda asimétrica, non migratoria e de predominio en extremidades inferiores. Soe aparecer nos primeiros 10 días tras a infección.